CIG SAUDE

INFORMA

Mesa sectorial

extraordinaria 19/11/2026

LDS ordinarios e adicionais do 2026

Amplíase ata o 31 de marzo de 2027 o prazo para desfrutar os días de libre disposición de 2026, tanto ordinarios como adicionais. Segundo o SERGAS, ese prazo tamén se aplica en Atención Primaria ao día compensatorio polo festivo estatal que cadra en sábado.

Concurso oposición

Aprobáronse as convocatorias de médico/a de hospitalización a domicilio e técnico/a superior en prevención de riscos laborais. CIG-Saúde votou en contra porque quedaron sen incorporar as súas alegacións máis importantes.

Concurso Urxencias hospitalarias do CHUO

O SERGAS mantén a previsión de resolver en abril de 2027.

CTAP 2026

O SERGAS prevé resolvelo a primeiros de decembro e descarta que os cesamentos sexan o 30 de novembro, data que estaban a comunicar algunhas áreas.

Listas de contratación 2026

Sen novas previsións. CIG-Saúde critica a demora excesiva deste ano.